

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido a falta de atención ao seu fillo con discapacidade

Expediente: G.6.Q/2596/18

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

Sr. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente a falta de atención ao seu fillo con discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que en 2013 o seu fillo acudía ao Centro Bata Os Mecos, cando estaba valorado cun grao II. Perdeu a praza porque argumentaron que non tiña feita a solicitude de reserva de praza, cando estaba feita. En 2015 aconsellaron cambiar o PIA e que mentres estivera na casa. Nese momento houbo unha praza vacante; foi asignada a outro neno que tiña grao III. En 2016, tras a nova valoración, foi valorado cun grao III e co 81% de discapacidade. Mantense a solicitude de praza. Prodúcese unha nova vacante no centro e volve a ser denegada alegando que non lle poden adxudicar unha praza ocupacional cun grao III. Estando o ano anterior de primeiro na lista, este ano encóntrase de segundo. Solicita non alongar máis a intervención que considera discriminatoria co seu fillo.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... A entidade Bata é contratista da Consellería de Política Social para a prestación dun servizo público de reserva e ocupación de prazas en centro residencial con centro de día para persoas con discapacidade na área semiurbana 5 (Pontevedra) do mapa galega de servizos sociais, (Concellos de Catoira, A lila de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa) na modalidade de concerto. Concretamente, no contrato establécense como destinatarios as persoas con trastorno do espectro autista.

Entre as tipoloxías de servizo que forman parte deste contrato, a entidade ten concertadas neste momento coa Consellería de Política Social 8 prazas en centro de día para persoas con autismo, logo dunha modificación do contrato inicial realizada o 1 de maio de 2016. No contrato inicial de 1 de decembro de 2009, concertáronse 4 prazas. O centro no que se presta o servizo é o Centro de día Abuela Esperanza, inscrito no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-219-C-3.

A cobertura desas catro novas prazas concertadas mediante modificación contractual, realizouse asignando as mesmas ás catro persoas con diagnósticos de autismo en zona de servizo do centro de día, situadas nos catro primeiros postos do Programa de Asignación de Recursos (PAR), instrumento mediante o cal se establece unha orde de preferencia para o acceso aos distintos servizos de acordo cos criterios establecidos no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (arts. 44 e seguintes). Entre estas persoas non se atopaba o Sr. [REDACTED] pois, a súa incorporación ao mesmo prodúcese en data posterior á cobertura destas prazas, realizada entre os días 3 de maio e 1 de xuño. Segundo os datos obrantes nesta unidade administrativa o Sr. [REDACTED] é alta no PAR de Centro de atención diúrna para persoas con discapacidade o 28 de setembro de 2016.

Segundo os mesmos datos, con anterioridade a esa data, o Sr. [REDACTED] nunca foi usuario de servizos xestionados por esta consellería. Cando no escrito se afirma que "perdeu a dita praza (no centro os Mecos) porque argumentaron que non tiña feita a reserva de praza cando esta solicitude si estaba feita" probablemente se está aludindo á finalización do período educativo no CEEPR Bata-Os Mecos Centro, centro privado de educación especial concertado coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria. No momento actual non existe ningunha norma que estableza a continuidade ou preferencia de acceso entre os dous sistemas (educativo e de dependencia) polo tanto as persoas que finalizan o seu período educativo deben estar valoradas e incluídas no PAR para o acceso aos servizos de dependencia nas condicións e coa orde de prelación establecidas no mencionado Decreto 15/2010 do 4 de febreiro.

Dende a cobertura destas catro prazas non se produciu ningunha vacante no centro de día. A xestión da cobertura da vacante aludida no escrito de queixa no centro ocupacional do que tamén é titular a entidade BATA (Centro ocupacional Montinho, E-219-C-2), quedaría, de ser o caso, na esfera das relacións privadas pois neste centro a Consellería de Política Social non ten prazas concertadas.

No momento actual, o Sr. [REDACTED] figura no PAR de Centro de atención diúrna a persoas con discapacidade (e diagnósticos de autismo) en segundo lugar tras unha persoa de Vigo. Non figura entre as súas preferencias ningún centro en concreto. Sinalar ademais que o Sr. [REDACTED] figura no Sistema Galego de Atención á Dependencia con domicilio en Arcade (Soutomaior). Este concello non pertence a área de atención á que por contrato está obrigada a entidade BATA”.

3. De novo Requirimos da Consellería de Política Social que con urxencia facilitara aclaración. A consellería nola remitiu e sinalou o seguinte:

“... A [REDACTED] foille asignada unha praza no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Sarria, tras ampliar a súa solicitude a toda a comunidade autónoma. Dende o centro nos informan que ten previsto ingresar o 19 de xuño. Con respecto á continuidade dende o sistema educativo, non está prevista na actual normativa de Dependencia. De ser o caso, de todos xeitos sempre estaría supeditado á existencia de praza vacante”.

A nai reclamante sinala que a praza non foi para o seu fillo, [REDACTED] Para el solicitouse praza de centro de día, non praza residencial, que é a asignada á outra persoa en Sarria. Subliña que dende que o seu fillo deixou de acudir ao centro Bata Os Mecos “está na casa, sen recibir terapia algunha”.

3. Á vista do informado requirimos aclaración urxente á consellería, co principal fin de coñecer a atención da persoa con dependencia e grao III. A consellería respondeu, pero o fixo cun erro na identidade do afectado, sobre o que indicaba que xa tiña praza en centro público. A nai reclamante puxo de manifesto que a praza (residencial) sinalada non era para o seu fillo; para el solicitouse praza de centro de día. E subliñou novamente que dende que o seu fillo deixou de acudir ao centro Bata Os Mecos “está na casa, sen recibir terapia algunha”.

A Consellería de Política Social xa respondeu, aínda que con retraso (a solicitude é de 20 de xullo); sinalou o seguinte: “... O Sr. [REDACTED] continúa no Programa de Asignación de Recursos cun Programa Individual de Atención de Centro de atención diúrna a persoas con discapacidade. Segue sen figurar entre as súas preferencias ningún centro en concreto, demandando como única preferencia un centro da comarca de Pontevedra. Esta comarca non pertence a área de atención á que por contrato está obrigada a entidade BATA. Cómpre sinalar que non é posible atender a demanda dun recurso específico ao que puidese ter dereito a persoa interesada en caso de que lle correspondese por aplicación dos criterios legais, se esa preferencia non figura debidamente acreditada no procedemento e consignada no sistema que lle da soporte. Dende o mes de maio en que se informou acerca da súa situación, non consta que se producise ningunha modificación en canto ao seu PIA ou preferencias de centro”.

ANÁLISE

1. A orixe do problema é a finalización do período de atención escolar nin CEE (Bata) e a necesidade de pasar entón a recibir atención do sistema de dependencia.

Dende hai tempoponse de manifesto que un dos máis relevantes problemas aos que se enfrontan as persoas atendidas en centros pola súa discapacidade orixinal (dende idade temperá), sobre todos persoas con discapacidade intelectual, é o tránsito dende a súa etapa escolar en centros especiais, moitas veces concertados con asociacións de atención específica, a súa etapa postescolar, na que precisan un recurso do sistema de dependencia. A meirande parte das ocasións os pais, nais, titores e os propios usuarios reclaman a continuidade da atención -na outra modalidade- no mesmo centro, como medio propicio para a estabilidade dos usuarios, un factor especialmente relevante no seu caso (discapacidade intelectual en xeral, e, en particular, neste caso, TEA).

Reclamamos das dúas consellerías competentes que coordinen as súas funcións para que se produza unha transición adecuada dentro do centro, sen solución de continuidade, alteracións indebidas ou períodos de falta de atención adecuada, e que se respecte á vontade dos pais, nais, titores e usuarios, que, como dixemos, normalmente reclaman con antelación a continuidade da atención no centro ao que os usuarios están afeitos.

No caso que tratamos o afectado estivo no centro durante a súa etapa escolar, pero non tivo praza para continuar no centro na etapa en que debe ser atendido polo sistema de dependencia. Nos informes se sinala que se atopa en lista de espera, pero sen concretar cando se dará (previsiblemente) a preceptiva atención.

2. Debe terse en conta que o mesmo problema orixinal (paso da etapa de educación especial á dependencia) se plantexou polas familias doutros alumnos (entón) do centro BATA. A situación solucionouse adecuadamente para 4 dos afectados, tal e como coñecemos a través das correspondentes queixas (Q/13771, 13772, 13773 e 13774/15 e Q/14272/15). Entón modificárase o contrato correspondente co centro BATA co fin de poder incorporar aos antigos alumnos como usuarios de praza pública do sistema de dependencia. Porén, o afectado pola situación que tratamos non tivo praza entón nin nese centro nin en ningún outro, situación que aínda permanece.

3. Así pois, despois de moito tempo o afectado segue sen a atención que corresponda (centro adaptado ás súas circunstancias na contorna que se determinara). E iso sucede a pesar de que a persoa con dependencia ten recoñecido un grado III, gran dependencia, e por esa debe ter preferencia, de acordo coa lei.

4. Os informes inciden especialmente na contorna na que se solicita praza, que é limitada e non comprende o ámbito territorial do centro BATA. Porén, o relevante é a necesidade de atender á persoa co dereito subxectivo ao servizo recoñecido dende hai tempo e ademais con preferencia, por ter o grao recoñecido de gran dependente.

5. As demoras prexudican gravemente aos cidadáns que polas súas circunstancias precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

6. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se facilite o servizo de atención á dependencia obxecto da presente queixa.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente,

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo